

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Vista, a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal - polo prazo de 6 meses e xornada completa -, de 1 Monitor deportivo, Programa Reforzo do Emprego (Plan Deputación Cooperación cos Concellos 2025, financiado Pola Deputación Provincial de Lugo), publicada no BOP de Lugo nº 104, de 08/05/2025, no Taboleiro Municipal de Anuncios e na Páxina Web.

Vistas, as solicitudes presentadas ao efecto,

Vista, a Resolución da Alcaldía de data 26/05/2025 provisional de admitidos e excluídos.

De conformidade coas bases de selección e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos no citado procedemento selectivo integrada polos seguintes aspirantes:

Admitidos:

NOME E APELIDOS	D.N.I.
DAVID PENA ROIBAS	*****455M
CRISTINA SANMARTIN SANCHEZ	****4901X
MARTIN IGLESIAS RIAL	****0416L

Excluídos:

NOME E APELIDOS	D.N.I.	CAUSA EXCLUSIÓN
MIGUEL PERDIZ ALVAREZ	****2911Q	Non emendaron documentación
JHOAN SEBASTIAN GUZMAN BITAR	****1614W	Non emendaron documentación

SEGUNDO. Designar ao Tribunal cualificador do dito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Empregada pública do Concello de Begonte
Suplente: D. Julio González Casanova, Empregado público do Concello de Friol.

Vogais:

Titular: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregada público do Concello de Begonte.
Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara.
Titular: D. Isaac López Villamor, Empregado público do Concello de Begonte
Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Dozón.



Titular: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte
Suplente: D. José Angel Balseiro Amido, Empregado público do Concello de Rábade.
Secretaria: Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregada pública do Concello de Begonte
Suplente: D. Isaac López Villamor, Empregado público do Concello de Begonte

CUARTO. Convocar ao Tribunal cualificador para o vindeiro o día 4 de xuño de 2025, ás 10:30 horas no Local do Telecentro, sito na Planta Baixa da Antiga Cámara Agraria (Praza Irmáns Souto Montenegro, s/n / Begonte), para a súa constitución e proceder a continuación á realización da proba teórica e á posterior valoración de méritos aos candidatos.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes admitidos aos efectos da realización da proba teórica da fase de oposición, que se desenvolverá ese mesmo día 4 de xuño de 2025, ás 11:00 horas, no lugar arriba sinalado.

A valoración de méritos terá lugar ese mesmo día a continuación da proba práctica.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

QUINTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte e Páxina Web](#), coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acordao, mandao e asínao o sr. Alcalde Presidente, en Begonte, de todo o cal eu secretario dou fe.

O ALCALDE/PRESIDENTE.

O SECRETARIO/INTERVENTOR.

